

# BOLETÍN 2018. PREMIOS E DISTINCIÓNS.

## A COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

*Numerosos organismos,  
institucións e entidades  
empresariais premian os  
esforzos da nosa comunidade  
universitaria.*

### PREMIOS E DISTINCIÓNS.

A comunidade universitaria está composta por alumnado, persoal docente e investigador e persoal auxiliar e de servizos. Todas as persoas pertencentes a estes colectivos conforman o gran capital desta institución. O seu esforzo de superación, o seu traballo e os seus intereses profesionais e académicos son recoñecidos por múltiples organismos e institucións, tanto en España como a nivel internacional.

A Universidade de Vigo quere, con este boletín, recuperar toda a información sobre os premios e distincións acadados pola nosa comunidade universitaria ao longo do 2018.

Nas seguintes páxinas poderán atopar información, extraída de diversas novas do Diario da Universidade de Vigo ([DUVI](#)) e outros xornais sobre os mesmos.

---

*“Parabéns a toda a comunidade universitaria  
polos premios acadados durante o 2018.”*

---





Xosé Constenla.

### O XEÓGRAFO E PROFESOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO, XOSÉ CONSTENLA, GAÑOU A DÉCIMO SÉTIMA EDICIÓN DO PREMIO RAMÓN PIÑEIRO.

No seu ensaio “*O colapso territorial de Galicia*”, fai unha lectura dende o espazo da construción social ([Sermos Galicia](#)) [+info](#).



As premiadas.

### LA IV EDICIÓN DE LOS PREMIOS EGERIA DE LA UNIVERSIDAD DE VIGO YA TIENE GANADORAS

Trátase de seis traballos sobre estereotipos de xénero, acoso sexual e feminismo. ([Innovaspain](#)) [+info](#)



Carmela Silva xunto ás integrantes do xurado.

### OS PREMIOS SOFÍA NOVOA DISTINGUEN TRES TRABALLOS QUE ABORDAN A IGUALDADE NA EDUCACIÓN E A TRADUCIÓN

Na súa segunda edición, resultaron premiadas as egresadas Raquel Armán, Lucía Troncoso e Eva Fontás. ([Duvi](#)) [+info](#).



*A bióloga María Fernández, unha das mellores divulgadoras do certame Somos Científicos.*

### A BIÓLOGA MARÍA FERNÁNDEZ, UNHA DAS MELLORES DIVULGADORAS DO CERTAME SOMOS CIENTÍFICOS

Foi elixida entre 30 investigadores e investigadoras nacionais como gañadora da sección alimentación ([Duvi](#)) [+info](#).



*O equipo gañador recibindo o diploma acreditativo.*

### UNHA NOVA E SOSTIBLE VIDA PARA A CANTEIRA DE RICHINOL

Elena Domínguez, Xoel González e Víctor Lago, estudantes da Universidade de Vigo, conforman o equipo gañador do I Premio de Restauración Sostible de Espazos Mineiros. ([Duvi](#)) [+info](#).



*Antón Vázquez e Guillermo Lamelas, CEO de Alén, no centro da imaxe.*

### A SPINOFF ALÉN ACADA A SEMIFINAL DOS PREMIOS DA FUNDACIÓN EVERIS AO EMPRENDIMENTO

10 persoas, das que nove, están ou estiveron vinculadas á Universidade de Vigo conforman [Alén](#), a spinoff da institución académica, centrada no desenvolvemento de tecnoloxía espacial, que neste intre se atopa en fase de validación comercial e industrialización da tecnoloxía desenvolvida nos últimos anos, ao abeiro do programa Ignicia da Xunta de Galicia. ([Duvi](#)) [+info](#).



Carlos Bravo, catedrático do Departamento de Química Física.

## NOMEAN O CATEDRÁTICO CARLOS BRAVO PROFESOR HONORARIO DA MARIA CURIE SKLODOWSKA UNIVERSITY

O investigador Carlos Bravo Díaz, catedrático do Departamento de Química Física, foi nomeado profesor honorario da [Marie Curie Skłodowska University](#) de Polonia, a maior institución de educación superior de Polonia oriental, con máis de 20.000 alumnas e alumnos propios e arredor de 1600 estudantes de intercambio. ([Duvi](#)) [+info](#).



José María Faílde e Laura Ruíz son os seus promotores.

## UN PROXECTO AFONDATA NO POTENCIAL DA EDUCACIÓN SOCIAL NO SECTOR DA TERCEIRA IDADE

A convocatoria da segunda bolsa de investigación sobre a terceira idade, realizada pola Fundación Dorzán no marco dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo, xa ten proxecto gañador. ([Duvi](#)) [+info](#).



Rafael Calderinha, David Ferreira, Íñigo Cuiñas e Telmo Fernandes.

## INVESTIGADORES DA ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN RECIBEN O IET PREMIUM AWARD 2018

O galardón foi adxudicado ao artigo *Dual-Band Single-Layer Quarter Ring Frequency Selective Surface for Wi-Fi applications*, que é un dos principais resultados do traballo de doutoramento do investigador David Ferreira, dirixido por Íñigo Cuiñas e os profesores Rafael Calderinha e Telmo Fernandes, do Instituto Politécnico de Leiría, converténdose así no primeiro equipo galaico-portugués que gaña este premio. ([Duvi](#))[+Info](#).

## A SOCIEDADE ESPAÑOLA DE MECÁNICA DE ROCHAS PREMIA A UNHA INVESTIGADORA VIGUESA

A Sociedade Española de Mecánica de Rochas acaba de entregar os seus [premios anuais](#) e, entre eles, distinguiu cunha mención honorífica ao mellor traballo de investigación de investigadores novos a tese de doutoramento *Diseño de muros tradicionais de contención de granito en seco* realizada pola investigadora María Veiga ([Duvi](#)) [+Info](#)



A investigadora María Veiga, autora da tese.





Iago Fontoira, Xunto con Gonzalo Chocano, conselleiro delegado de Ahorro Corporación Financiera

## BELAS ARTES TRIUNFA NUN CERTAME AO QUE CONCORRERON TITULADOS DE TODA ESPAÑA

Un total de 81 obras de titulados e tituladas de 13 universidades españolas concorreron á primeira edición do Premio Talento Artístico Ahorro Corporación Financiera–Iberlending, un certame ao que podían concorrer obras xurdidas como traballos de fin de grao e fin de carreira de alumnado de Belas Artes de toda España e no que triunfaron dous proxectos defendidos na facultade do campus pontevedrés. ([Duvi](#)) [+info](#).



Gelo Cubreiro e Iago Álvarez, nocentro da imaxe, recollendo o premio.

## ESTUDANTES DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL GAÑAN O PRIMEIRO PREMIO NO CONCURSO EDP UNIVERSITY CHALLENGE 2018

Iago Álvarez, Gelo Cubreiro, Alberto Goitia e Carlos Guitián. Estes son os catro estudantes do Máster de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo, que baixo a supervisión dos profesores da Escola de Enxeñaría Industrial Itziar Goicoechea e Camilo Carillo, desenvolveron o proxecto *Sistemas de carga de baterías portátiles con enerxías renovables*, gañador do primeiro premio no concurso EDP University Challenge 2018. ([Duvi](#)) [+info](#)



Recibiu o galardón de mans do presidente/decano da AETG/COETG, e de M<sup>a</sup> José Moure, coordinadora do mestrado.

## UN PREMIO AO “ESFORZO, O TRABALLO E A CONSTANCIA”

As claves son o esforzo, o traballo e a constancia. Así o resume Pablo Fondo, que vén de ser galardoado pola Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia e o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia co premio ao Mellor Expediente Académico do Máster en Enxeñaría de Telecomunicación da promoción 2018. ([Duvi](#)) [+info](#)



Benito Vázquez Dorrio recollendo o premio.

## UN EXPERIMENTO VIGUÉS CON POMPAS DE XABÓN TRIUNFA NA FINAL NACIONAL DE CIENCIA EN ACCIÓN

“Por empregar obxectos tan fráxiles como as pompas de xabón para introducir de forma moi atractiva a todo o público conceptos físicos relacionados coa luz: reflexión, refracción e interferencias, así como o funcionamento básico do ollo humano”. Así argumenta o xurado do certame [Ciencia en Acción 2018](#) a concesión do 1º premio Ex Aequo ao traballo *Uno de los interferómetros más sencillos del mundo: nanotecnología de salón*, do profesor e exdirector da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía José Benito Vázquez Dorrio. ([Duvi](#)) [+info](#)



Fotograma de Fume.

## UNHA CURTA NACIDA EN CCSS E DA COMUNICACIÓN, PREMIADA NOS EEUU

A realización dunha serie de curtametraxes por parte de grupos de estudantes é un dos obxectivos da materia Guión, produción e realización de ficción do grao en Comunicación Audiovisual, onde se xestou *Fume*, unha curtametraxe dirixida polo titulado Alejandro Rodríguez que acaba de obter o premio da audiencia do [AWord Short Indie Film Festival](#) de Los Ángeles, un certame que se desenvolve a través de internet e no que este traballo acadou o *Fan Award* grazas ás votacións rexistradas tanto a través da plataforma Moviescreenpro como da rede social Facebook. ([Duvi](#)) [+info](#)



Begoña Cid, Eduardo Liz e Frank Hilker.

## BEGOÑA CID, EDUARDO LIZ E FRANK HILKER GAÑAN O XVI PREMIO BELLMAN EN BIOMATEMÁTICA

O premio Bellman é un dos galardóns máis prestixiosos a nivel internacional no eido da Bioloxía Matemática. Concédeo cada dous anos a editorial Elsevier a un artigo publicado na revista *Mathematical Biosciences* e, na súa última edición, outorgóuselle a un traballo asinado por Begoña Cid e Eduardo Liz Marzán, investigadores do Departamento de Matemática Aplicada II da Universidade de Vigo. ([Duvi](#)) [+info](#)



As e os galardoados cos Atlantic Project Awards..

## EUROPA RECOÑECE O ESFORZO DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN MARIÑA DA UNIVERSIDADE PARA SE CONVERTER NUN REFERENTE INTERNACIONAL

Vigo acolle hoxe e mañá a *5ª Atlantic Stakeholder Platform Conference*, unha xuntanza anual na que se reúnen decenas de axentes interesados na Estratexia Atlántica Europea, co obxectivo de buscar formas de cooperación, intercambiar información e identificar oportunidades financeiras e socios potenciais para os seus negocios. Aprobado no ano 2013 pola Comisión Europea, o *Atlantic Action Plan* (AAP) é o plan deseñado para desenvolver a Estratexia Atlántica Europea. [.\(Duvi\) +info](#)



Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 202 Martes, 23 de outubro de 2018 Páx. 46754

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 2 de outubro de 2018 pola que se resolve a concesión dos premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos universitarios no ano 2017 nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

## 27 ALIMNOS E ALUMNAS DA UVIGO ACADAN OS PREMIOS FIN DE CARREIRA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.

Pode consultarse o texto íntegro da Orde da Consellería de educación no seguinte enlace [+info](#). Tamén pode obter máis información nesta nova [\(Faro de Vigo\) +info](#)



Foto de familia das e dos gañadores e do xurado.

## A CÁTEDRA DELOITTE PREMIA OS MELLORES TRABALLOS FIN DE MÁSTER E GRAO NO ÁMBITO DA CIBERSEGURIDADE

Por segundo ano consecutivo a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación acolleu ese mediodía o acto de entrega dos premios convocados pola Cátedra Deloitte de Ciberseguridade, que recoñecen os mellores traballos de fin de grao e mestrado do alumnado dese centro e da Escola Superior de Enxeñaría Informática. A identificación do lugar de gravación ou das posibles manipulacións introducidas en imaxes a través das oscilacións rexistradas na iluminación; a seguridade nos dispositivos médicos electrónicos implantados a persoas ou a seguridade en redes entre servidores independentes con independencia do que haxa entre eles [.\(Duvi\) +info](#).



Imaxe dos premiados, premiadas, titores e autoridades..

## OS VI PREMIOS DE INVESTIGACIÓN DISTINGUEN ESTUDOS SOBRE A DISTRIBUCIÓN DA RENDA EN ESPAÑA E OS RECURSOS DE TURISMO CIENTÍFICO EN OURENSE

Un estudo comparado da distribución da renda en España durante o século XXI e unha análise dos recursos naturais científicos na provincia de Ourense con potencial para o turismo científico. Estes son os temas dos dous traballos fin de grao que este martes recibiron no campus de Ourense os primeiros premios do VI Premio de Investigación da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo-Colexio de Economistas, convocados coa colaboración da Deputación de Ourense. ([Duvi](#)) [+info.](#)



Claudia Martínez e Santiago Pato tras recoller os seus galardóns.

## DOUS ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE RECIBIRON HOXE CADANSEU PREMIO NACIONAL FIN DE CARRERA

171 estudantes de 44 universidades recibiron este mediodía en Madrid, nun acto presidido polo ministro de Ciencia, Innovación e Universidades, Pedro Duque, os Premios Nacionais Fin de Carrera correspondentes ao curso 2013/2014. Claudia Martínez Boubeta, graduada en Economía pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias do campus de Vigo, e Santiago Pato Rodríguez, graduado en Educación Primaria pola Facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense. ([Duvi](#)) [+info.](#)

## REPARTO DE PREMIOS NO PECHE DAS CELEBRACIÓNS DE SANTA BÁRBARA

Como remate ás celebracións de Santa Bárbara, patroa da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, o centro acolleu esta semana un acto de entrega de premios, así como dúas conferencias sobre as enerxías do futuro e as saídas profesionais no ámbito da enxeñaría de minas. O primeiro dos premios, entregado ao mellor expediente do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas do curso 2017/18. ([Duvi](#)) [+info.](#)



Entrega do premio ao mellor expediente da III promoción do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.





Os premios recoñecen os mellores traballos fin de grao e mestrado con perspectiva de xénero.

## DE ÁNGELES ALVARIÑO A MANANE RODRÍGUEZ, DA VIOLENCIA MACHISTA AOS ESTEREOTIPOS NA ELECCIÓN DOS ESTUDOS

Os Premios Egeria chegan á súa quinta edición premiando os seis mellores traballos que apostan pola inclusión da perspectiva de xénero. En total, son tres proxectos fin de mestrado e tres de grao que abordan a igualdade dende diferentes prismas. Unha vez máis, as mulleres son maioría entre os galardoados, as temáticas abordan dende os estereotipos de xénero na elección dos estudos, ata a atención ás mulleres vítimas de violencia machista ou a presenza da muller na ciencia, na arte urbana ou no cinema. ([Duvi](#)) [+info](#).



Pablo Carrera, no centro, acompañado por José Carlos Pardo (a dereita imaxe) e o representante de Aecoc.

## PREMIO NACIONAL AO TRABALLO FIN DE GRAO DE PABLO CARRERA, ALUMNO DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA INDUSTRIAL

Pór en valor a contribución das e dos futuros profesionais para desenvolver boas prácticas e estándares tecnolóxicos que axuden ás empresas a ser máis eficientes e competitivas. Con este obxectivo a principal asociación española de fabricantes e distribuidores, [Aecoc](#), entidade con máis de 29.000 firmas asociadas, convoca cada ano os seus premios académicos, galardóns que este ano chegaron ata Vigo da man de Pablo Carrera. ([Duvi](#)) [+info](#).



Ángel Aday Jiménez na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

## UNHA COMUNICACIÓN DE ÁNGEL ADAY JIMÉNEZ, SELECCIONADA COMO A MELLOR NO CONGRESO DA ASOCIACIÓN DE CONSTITUCIONALISTAS DE ESPAÑA

16º congreso da Asociación de Constitucionalistas de España, celebrado en Málaga, elixiu o traballo *El constitucionalismo global: ¿neologismo necesario o mera cacofonía?*, do docente e investigador do Departamento de Dereito Público da Universidade de Vigo Ángel Aday Jiménez, como a mellor comunicación das presentadas no simposio internacional, no que se deron cita preto de 400 investigadoras e investigadores. [+info](#)

---

#### UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS

Edificio anexo a xerencia.

Planta baixa.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: [https://uvigo.gal/uvigo\\_gl/administracion/analises-programas/index.html](https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/analises-programas/index.html)

# Universidade de Vigo